



Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.
	TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.
B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.
	TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.
B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.
B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.
B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.
	TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.
B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.
B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.
	TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.
B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.	TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos e Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>● Busca de información.</li><li>● Elaboración de informes.</li><li>● Prácticas de realización de presentaciónns.</li><li>● Exposición de presentaciónns</li><li>● Prácticas con Sistemas Operativos.</li><li>● Prácticas con Procesadores de texto.</li><li>● Prácticas con Follas de Cálculo.</li><li>● Prácticas para compartir recursos e información en rede.</li><li>● Hábitos de traballo en todas as prácticas.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>● Para o cálculo da mota final do curso teránse en conta as notas da 1ª e 2ª avaliación.</li><li>● Os traballos que están a facer neste terceiro trimestre teranse en conta para subir nota á aqueles alumnos que teñan aprobado a 1ª e 2ª avaliación, ese incremento irá de cero a dous puntos.</li><li>● Para aqueles alumnos que o resultado das notas da 1ª e 2ª avaliación fose suspenso, os traballos deste trimestre tamén serán tidos en conta para a recuperación dese suspenso. Para aqueles que non están a seguir as actividades propostas neste terceiro trimestre, enviaráselle por correo electrónico a prosta para que elaboren un traballo de recuperación referente os contidos da 1ª e 2ª avaliación.</li></ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>A todos aqueles alumnos que non superen a materia en xuño faráselles en setembro unha proba práctica, que avaliará os estándares de aprendizaxe imprescindibles descritos anteriormente.</p>
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	<p>Neste curso non temos alumnos con esta materia pendente</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de ampliación seguridade informática.</li> <li>• Actividades de repaso sobre os contidos do primeiro e segundo trimestre.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	Exercicios que se entregan na aula virtual ou por email.
<b>Materiais e recursos</b>	Apuntes, prácticas a realizar e direccións web para consultar colgados na aula virtual.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Os alumnos serán informados a través da aula virtual da materia e tamén a través do seu correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.